

Apelidos e Nome:	GREGO II
Data:	Unidades 1-2

Actividades para lle remitir ao Titor

Morfosintaxe	
1	<p>Os temas en $-α$ divídense en:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Masculinos e feminos.</p> <p><input type="checkbox"/> B) En $-α$ e en $-η$.</p> <p><input type="checkbox"/> C) En $-α$ pura e $-α$ mixta.</p> <p><input type="checkbox"/> D) En $-α$ pura, en $-α$ mixta e en $-η$.</p>
2	<p>Os neutros da 2ª declinación teñen as seguintes particularidades:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Son iguais en todas as declinacións.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Non se declinan.</p> <p><input type="checkbox"/> C) Teñen a forma $-οιν$ para N.V.Ac.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Teñan a mesma forma para N.V.Ac.: sing.: $-οιν$; plural: $-α$.</p>
3	<p>Os verbos no tema de presente divídense en:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Radicais e sufixados.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Temáticos e aтемáticos.</p> <p><input type="checkbox"/> C) Radicais e sufixados, tanto os temáticos coma os aтемáticos.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Radicais temáticos e sufixados aтемáticos.</p>
4	<p>As funcións básicas do acusativo son:</p> <p><input type="checkbox"/> A) CD, CPvo., Sx. do Infinitivo, CC.</p> <p><input type="checkbox"/> B) CD e CC</p> <p><input type="checkbox"/> C) CD. e CPvo.</p> <p><input type="checkbox"/> D) CD, CPvo. e CC.</p>
5	<p>A frase Ἐφήμερα τὰ σώματα καὶ τὰ χρήματα ἡγούντο tradúcese:</p> <p><input type="checkbox"/> A) As riquezas dos corpos considerábanse efémeras.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Consideraban efémeros os corpos e as riquezas.</p> <p><input type="checkbox"/> C) As riquezas efémeras consideraban os corpos.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Os corpos consideraban as riquezas efémeras.</p>

6	<p>A frase Οἱ ἐν Ναυπάκτῳ Ἀθηναῖοι τοῦ αὐτοῦ χειμῶνος ἐστράτευσαν tradúcese:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Os atenienses acamparon en Naupacto o mesmo inverno.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Os atenienses de Naupacto foron á guerra o mesmo inverno.</p> <p><input type="checkbox"/> C) Os atenienses foron á guerra de Naupacto o mesmo inverno.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Os atenienses foron á guerra en Naupacto o mesmo inverno</p>
7	<p>A frase Ἀκούοντες ταῦτα, οἱ μὲν ἀθύμως εἶχον, οἱ δὲ πρέσβεις ἔπεμψαν tradúcese:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Oíndo isto, uns estaban desanimados, outros enviaron embaixadores</p> <p><input type="checkbox"/> B) Oíndo isto, uns tiñan desánimo, outros enviaron embaixadores.</p> <p><input type="checkbox"/> C) Oíndo isto, uns, os que tiñan ánimo, enviaron embaixadores.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Oíndo isto, uns embaixadores eran enviados sen ánimo.</p>
8	<p>A frase Κατέλαβε τὰ τῶν πολεμίων πλοῖα πρὸς μάχην ἔτοιμα tradúcese:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Sorprende a nave inimiga para a batalla.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Sorprende as naves inimigas dispostas para a batalla.</p> <p><input type="checkbox"/> C) Sorprende a nave inimiga disposta para a batalla.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Sorprende a batalla disposta para a nave inimiga.</p>
9	<p>A frase Πολλάκις ἄνδρας τὰ καλὰ πράττοντας ὁρῶμεν tradúcese:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Con frecuencia os homes vemos facer o ben (cousas boas).</p> <p><input type="checkbox"/> B) Con frecuencia vemos homes que fan o ben (cousas boas).</p> <p><input type="checkbox"/> C) Con frecuencia vemos o ben que fan os homes.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Con frecuencia vemos os homes o ben que facemos.</p>
	Legado
10	<p>As características da épica son:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Linguaxe formularia.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Oralidade, música, invocación á musa</p> <p><input type="checkbox"/> C) Invocación á musa, linguaxe formularia e arcaizante, escenas típicas, digresións, símiles e comparacións.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Lingua arcaizante, escenas típicas, digresións.</p>
	Léxico
11	<p>No dicionario, entre corchetes faise referencia :</p> <p><input type="checkbox"/> A) Ao lema.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Ás traducións alternativas</p> <p><input type="checkbox"/> C) Ás indicacións sintácticas.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Ás formas gramaticais pouco correntes.</p>
12	<p>Que sentido debemos escoller para Τὰ ἴδια:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Particular, persoal, propia.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Os familiares, os escravos</p> <p><input type="checkbox"/> C) Particularmente.</p> <p><input type="checkbox"/> D) A propia casa.</p>

13	<p>Como traducimos πότος δύσκολος:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Bebida adversa.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Bebida desagradable</p> <p><input type="checkbox"/> C) Bebida difícil.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Malhumorado pola bebida.</p>
14	<p>No παράγραφο de Xenofonte seguinte "Ἐνταῦθα Κύρῳ βασιλεία ἦν καὶ παράδεισος μέγας ἀγρίων θηρίων πλήρης, ἃ ἑκεῖνος ἐθήρευν ἀπὸ ἵππου, ὅποτε γυμνάσαι βούλοιτο ἑαυτὸν τε καὶ τοὺς ἵππους, Cantas formas verbais atopas?</p> <p><input type="checkbox"/> A) 4.</p> <p><input type="checkbox"/> B) 3</p> <p><input type="checkbox"/> C) 2.</p> <p><input type="checkbox"/> D) 5.</p>
15	<p>No texto anterior, que une o primeiro καὶ ?:</p> <p><input type="checkbox"/> A) Dous complementos nominais.</p> <p><input type="checkbox"/> B) Dous suxeitos</p> <p><input type="checkbox"/> C) Dύas oracións coordinadas.</p> <p><input type="checkbox"/> D) Non une nada, é un adverbio</p>
16	<p>A forma βούλοιτο, no texto da cuestión 14, expresa :</p> <p><input type="checkbox"/> A) posibilidade.</p> <p><input type="checkbox"/> B) irrealidade</p> <p><input type="checkbox"/> C) repetición.</p> <p><input type="checkbox"/> D) é un optativo oblicuo, porque é o verbo dunha oración subordinada que depende dunha oración subordinada.</p>
17	<p>Que verbo atopas no diccionario que poda dar a forma γυμνάσαι do texto? :</p> <p><input type="checkbox"/> A) γυμνάζω.</p> <p><input type="checkbox"/> B) γυμνάω</p> <p><input type="checkbox"/> C) γυμνάτω.</p> <p><input type="checkbox"/> D) γυμνάθω.</p>
18	<p>Que tradución debe escollerse neste contexto da palabra παράδεισος? :</p> <p><input type="checkbox"/> A) paraíso.</p> <p><input type="checkbox"/> B) cielo</p> <p><input type="checkbox"/> C) Edén.</p> <p><input type="checkbox"/> D) parque.</p>
19	<p>A forma βασιλεία é unha forma de? :</p> <p><input type="checkbox"/> A) βασιλεία ας ἡ</p> <p><input type="checkbox"/> B) βασιλεία ας ἡ</p> <p><input type="checkbox"/> C) βασιλείος ον.</p> <p><input type="checkbox"/> D) τὸ βασιλειον.</p>
20	<p>Aventura agora unha tradución do texto traballado nestas actividades</p>

⇒ **Nota** : Cada ítem correcto = 0,50 puntos.